



EXP.REF.:2019/ORDRG/000002

ASUNTO: ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL POLO AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (PROXECTO DE INVESTIMENTO 2020-2026)

Trámite: Consulta pública a través da páxina web do Concello de Pontevedra para recabar a opinión da cidadanía e das organizacións representativas potencialmente afectadas pola elaboración da nova ordenanza.

INTRODUCCIÓN

O Concello de Pontevedra adoptou a decisión de impoñer e ordenar contribucións especiais pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios.

Este tributo, regulado xa noutrora pola ordenanza de 2014 baseábase nun proxecto de inversión que unha vez realizado e finalizado impide a súa continuación facéndose necesaria a súa derogación e a aprobación nunha nova ordenanza cuxa base é o proxecto de inversión do 2020-2026 proposto polo Servizo de Extinción de Incendios, no que reflicte en que vai consistir a ampliación e mellora deste servizo. Neste sentido o Concello de Pontevedra, entende que se dan as circunstancias adecuadas para proceder a gravar a ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios en función dun proxecto de investimentos estimado de 1.972.00,00 euros.

Con motivo do anterior, realízase un proceso participativo aberto ás asociacións e veciñanza interesada en debater e realizar achegas respecto a esta iniciativa municipal.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas.

O artigo 105 da Constitución española establece que “A lei regulará: a) A audiencia dos cidadáns directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten (...)”.

En resposta, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas, de xeito que, sen prexuízo do disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da lei de facendas locais, abre o procedemento de aprobación ex novo de normas con rango regulamentario - tal é o caso das ordenanzas fiscais - á participación cidadá cando xorde a idea ou iniciativa, previamente á elaboración do texto articulado.

A participación pública neste momento substánciase nunha consulta pública a través do portal web, limitada a solicitar a opinión dos “suxeitos e das organizacións máis representativas” potenciamente afectados pola futura norma sobre:

- a) os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) os obxectivos da norma
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias



a) PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA

Evitar un desequilibrio orzamentario e da estabilidade das finanzas públicas locais, de xeito que se garanta a sostibilidade na actuación do sector público local. .

Afondar no cumprimento do principio constitucional de xustiza tributaria, igualdade e progresividade tributarias.

Esta situación é resoluble mediante o exercicio das potestades tributaria e máis regulamentaria de que dispón o Concello de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

b) NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Como xa se indicou, o artigo 31 da Constitución española prevé a obriga de que todos contribúan ao sostemento dos gastos públicos de acordo cos principios de igualdade, capacidade económica e non confiscatoriedade. O cal implica non só unha obriga para os obrigados tributarios senón tamén para a Administración tributaria que debe garantir o cumprimento destes principios na aplicación e definición mesma do sistema tributario municipal.

En base a isto, e nun ámbito no que a xustiza tributaria e máis a estabilidade orzamentaria son principios recoñecidos constitucionalmente (artigos 31 e 135 do texto fundamental), entende este Concello a xustificación da procedencia da esixencia dunha contribución especial para a ampliación do servizo de extinción de incendios que vese reforzada polo feito de que no mesmo texto do TRLFL se prevén normas de cuantificación e xestión peculiares para a dita figura no relativo a este servizo, e todo isto sustentado nun proxecto de inversión para a ampliación e mellora do servizo que estímase en 1.972.000,00 euros redactado polo servizo municipal competente.

c) OBXECTIVOS DA NORMA

O obxectivo da norma cuxa aprobación se pretende é gravar as persoas especialmente beneficiadas pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios e que entre as que fundamentalmente se atopan as compañías de seguros que desenvolven a súa actividade no ramo de incendios no temo municipal de Pontevedra, tal e como prescriben de xeito xenérico a Constitución e máis o Texto refundido da lei de facendas locais..

Para isto procederase a desenvolver o contido da ordenanza fiscal de acordo co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da lei de facendas locais, incluíndose a regulación dos seguintes aspectos:

- Determinación do feito imponible, suxeito pasivo, responsables, bases imponible, cota tributaria, e devengo.
- Normas de xestión e de ingreso e/ou recadación específicas que lles puidesen afectar, se for necesario.
- Datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación.

d) POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E/OU NON REGULATORIAS

Desbótase calquera alternativa, regulatoria ou non, por non permitir acadar o obxectivo buscado.

A única fórmula viable para extraer dos suxeitos pasivos un tributo equivalente polo beneficio especial





que obteñen pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios é imposición e ordenación dunha contribución especial por parte deste Concello en exercicio das súas potestades tributaria e regulamentaria.

Non existe ningunha norma estatal que impoña a obriga de realizar estes pagos e que se poda aplicar directamente a esta situación. E tendo en conta que son tributos mediante os que se pretende financiar a ampliación e mellora de servizos públicos nos que, ao lado do beneficio xeral que as mesmas podan producir, cabe detectar intereses específicos de persoas especialmente beneficiadas por aquelas, a contribución especial é o tipo de tributo a establecer.

Sendo este tributo de carácter potestativo, depende en exclusiva da vontade municipal que se estableza ou non.

Así as cousas, non hai alternativa ningunha á aquí proposta para acadar o obxectivo pretendido.

PROVIDENCIA DA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Ao abeiro do disposto no artigo 133.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispoño co inicio formal do procedemento de elaboración da Ordenanza fiscal reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (PROXECTO DE INVESTIMENTO 2020-2026)I do Concello de Pontevedra, que se proceda a efectuar consulta pública nos termos do devandito precepto, con publicación de anuncio no portal web municipal e solicitude da opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, potencialmente afectados pola futura norma.

